



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e da Louriña e os seus estatutos.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 67/2006, do 27 de abril, polo que se aproba a oferta pública de emprego correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Comunidade Autónoma de Galicia, ampliando o número de prazas.
- Decreto polo que se derroga o Decreto 293/2002, do 26 de setembro, de creación de Centros de Estudos Locais de Galicia.
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Pontevedra, dos bens e dereitos necesarios para a realización do proxecto de urbanización do ámbito da unidade de actuación nº20 do PXOU-Polígono lindante coa Avenida da Coruña e a zona traseira da tribuna do actual estadio municipal de Pasarón.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Juan Hernández López como secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda a María Inmaculada Viña Carregal



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do acceso ao porto de Burela.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se transforman os centros públicos de “O Mosteirón”, do Concello de Sada (A Coruña) e de Panxón, de Nigrán (Pontevedra) en centros públicos integrados.
- Decreto polo que se autoriza o cambio de denominación do Instituto Nacional de Educación Física-Galicia, da Universidade da Coruña, que pasará a denominarse Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 276/2002, do 12 de setembro, do mapa farmacéutico e delimitación territorial para autorización de novas oficinas de farmacia conforme a módulos de poboación.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Galega para a Tutela de Adultos* para o financiamento do seu funcionamento e mantemento

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vimianzo para a urbanización da recta de Ogas, estrada AC-552. PK.70 + 000 ó 70 + 700.



- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 12.580.591 euros para levar a cabo as obras de construción dun centro cultural-auditorio no cuartel de San Fernando en Lugo.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e *Pipo Systems S.L.* para a realización de accións destinadas ao desenvolvemento de tecnoloxías relacionadas co aproveitamento da enerxía das ondas do mar.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a colaboración titorizada en diversos centros bibliotecarios.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Dumbría para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na Comunidade Autónoma. Abastecemento de auga ás parroquias de Olveira, Olveira e Buxantes. Dumbría (A Coruña)", por importe de 1.249.895,84 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello de Santiago de Compostela para a execución das obras: "Plan saneamento. Saneamento na bacía do río Aríns. Estación depuradora de augas residuais. Santiago de Compostela (A Coruña" por importe de 2.491.622 euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira da Xunta de Galicia co Concello da Peroxa para a execución das obras: "Mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Mellora do abastecemento de auga na Peroxa. A Peroxa (Ourense)", clave OH.232.512, por importe de 504.000 euros.



INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe das conclusións da 1ª e 2ª comisión do VII Consello das Comunidades galegas.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre o programa de actuacións de reequilibrio territorial. Ano 2006.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o exercicio 2006.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre as axudas concedidas ás confrarías de pescadores de Galicia e ás súas federacións pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Informe sobre a orde pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.



INCREMENTÁSE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2006 NOUTRAS 106 PRAZAS, O QUE SUPORÁ UNHA OFERTA DE 655 EN TOTAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se amplía a oferta de emprego público para o ano 2006 noutras 106 prazas, polo que pasa das 549 inicialmente previstas (365 de persoal de novo ingreso e 184 de promoción interna) a un total de 655. Modifícase así o decreto 67/2006 de abril polo que se aprobaba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Comunidade Autónoma.

A ampliación da Oferta de Emprego Público en 106 prazas máis distribúese do seguinte xeito. Inclúe 62 prazas máis para a Administración xeral, repartidas en 54 para corpos xerais e 8 para escalas. En canto ao número de prazas da Administración especial, a oferta contempla 2 do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia. Establécense tamén 39 de promoción interna independente, 11 elas do grupo A e 28 do grupo C. A oferta incrementáse tamén en 3 prazas de persoal laboral, do grupo II. Amósase a continuación a distribución:

I.1.Administración xeral (62):

Corpos xerais

- Superior da administración da Xunta (grupo A) 11
- Subalerno da Xunta (Grupo E) 43

Escalas

- Escala de Letrados/as (grupo A) 4
- Escala técnica de inspección turística (grupo B) 4

I.2.Administración especial (2):

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

- Escala de arquitectos/as técnicos/as 2

II. Promoción interna independente (39):

- Superior da Administración da Xunta (grupo A) 11
- Administrativo da Xunta (grupo C) 28

III.Persoal Laboral (3):

Grupo II

- Técnico ambiental 3



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2007-2011

- *A norma pretende a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns*
- *Preténdese contribuír a mellorar informacións relativas ao territorio, os recursos naturais, o medio ou a demografía*
- *Ten como obxectivo fomentar un uso máis eficiente dos recursos e rexistros das distintas administracións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011 que recolle novidades respecto dos dous plans anteriores. A través dun sistema de planificación por obxectivos, a norma pretende a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais, e dos cidadáns en xeral.

Como instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística de Galicia, o plan inclúe una nova estrutura que comporta maior flexibilidade na planificación e unha adaptación máis sinxela tanto ao sistema estatístico da Administración central como aos cambios nas demandas e necesidades que poidan producirse en Galicia. O proxecto de lei recolle obxectivos de tres tipos: informativos, organizativos e instrumentais. Os primeiros pretenden dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega nos ámbitos do desenvolvemento e o benestar, entre outros. Os obxectivos organizativos, pola súa banda, diríxense a acadar un uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles polas distintas administracións públicas. Por último, os obxectivos instrumentais desenvolverán as actividades necesarias para asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios.

En esencia, e de acordo coas recomendacións do Código de Boas Prácticas das Estatísticas Europeas adoptado en febreiro de 2005, as actividades que desenvolverá o Plan Galego de Estatística debe prover información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a creación de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións.

Cunha estrutura composta de tres capítulos e 19 artigos, o proxecto do novo plan establece de xeito preciso o marco de relación entre o Instituto Galego de Estatística –organismo adscrito á Consellería de Economía e Facenda- e as distintas consellerías. Isto permitirá mellorar os procesos de elaboración de estatísticas mediante a sistematización dos procedementos de execución e a integración dos mesmos. Neste sentido, o proxecto define as relacións cos órganos estatísticos das consellerías sinalando de xeito explícito e detallado o coordinación daqueles co IGE que, con



carácter xeral, será o órgano responsable daquelas operacións nas que o ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou sociais. As operacións de carácter sectorial, segundo o plan, serán executadas preferentemente polos departamentos, organismos ou entidades públicas competentes na materia.

Mellora da información en múltiples áreas

Segundo se recolle no proxecto da lei, cos obxectivos informativos citados anteriormente preténdese contribuír a mellorar informacións relativas ao territorio, os recursos naturais, o medio ou a demografía de Galicia. Tamén se perseguirá analizar distintos ámbitos sociais e condicións de vida; accesibilidade á vivenda, saúde, educación e cultura; o progresar no coñecemento do mercado de traballo e as súas tendencias. No terreo económico tamén se fixa como obxectivo consolidar o coñecemento da estrutura produtiva, ampliando a información sobre os sectores produtivos, sobre as relacións comerciais de Galicia, e contribuíndo ao coñecemento da dinámica económica, financeira e estratéxica que seguen as actividades empresarias. Tamén no terreo do sector público, actuarase sobre a actividade realizada polas administracións públicas, e tamén sobre o sector non lucrativo. Ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía; progresar no desenvolvemento de indicadores de inserción na sociedade da información; e avanzar na consideración de xénero como parte integrante da actividade estatística, son outros dos elementos integrados nos obxectivos informativos do Plan.

Máis coordinación e eficiencia

Pola súa banda, e no que respecta aos obxectivos organizativos, o uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles deberá facilitar a consolidación da organización estatística da Comunidade de tal xeito que se garanta o rigor e corrección técnica da información subministrada aos cidadáns; así como unha maior coordinación e colaboración entre os axentes, órganos, entidades e institucións nacionais ou internacionais relacionadas coa materia. En definitiva, segundo recolle o plan, preténdese fomentar un uso máis eficiente dos recursos e rexistros das distintas administracións.



O CONSELLO ACORDA DERROGAR O DECRETO DE CREACIÓN DO CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS DE GALICIA (CELGA)

- *Durante os anos transcorridos desde a súa creación non se lograron acadar os obxectivos fundacionais*

O Consello da Xunta acordou derrogar o decreto de creación do Centro de Estudos Locais de Galicia (CELGA). Este organismo foi creado no ano 2002 como centro superior de formación, con carácter de órgano de proposta e asesoramento en materia de accións formativas e de fomento de estudos e investigacións relacionados coas administracións galegas, integrado na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

O obxectivo que se pretendía coa súa creación era realizar propostas e procurar unha mutua coordinación entre as distintas administracións e entidades intervintes –as consellerías con competencias en materia de función pública e administración local, as deputacións provinciais galegas e os catro colexios profesionais de funcionarios de Administración local con carácter de habilitados nacionais- en materia de formación, estudos informes e publicacións.

Porén, durante os anos transcorridos desde entón, non se lograron acadar os obxectivos fundacionais, polo que se considera máis aconsellable que a colaboración entre as entidades intervinentes na constitución deste centro se leve a cabo a través doutros mecanismos.



A XUNTA APROBA A CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DAS COMARCAS DO BAIXO MIÑO, DO CONDADO E DA LOURIÑA

- *Estará integrado pola Xunta, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Tomiño e Tui*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou o decreto de constitución e os estatutos do Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e da Louriña. Este Consorcio estará integrado pola Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Tomiño e Tui.

A Xunta, co obxectivo de dar unha resposta eficaz do servizo contra incendios e salvamento a través dunha organización axeitada del, elaborou no seu día o Plan Galego de Dotación de Parques contra Incendios Urbanos, baseado en criterios de racionalidade técnica e económica. Este plan pretende dotar a Comunidade Autónoma dun servizo integrado de extinción de incendios, garantindo ese servizo en toda Galicia baixo condicións aceptables, en función do risco e da dificultade técnica da extinción de incendios.

O Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e da Louriña terá a súa sede no Parque contra incendios e de salvamento do Porriño, e constitúese por un tempo indefinido. O seu obxectivo é prestar un servizo contra incendios e de salvamento nos devanditos concellos, que levará a cabo cos seus propios medios e mediante a colaboración cos servizos municipais, os de Protección Civil e con outros colectivos con fins semellantes.

Ademais, formará parte da rede de emerxencias do servizo 112 SOS Galicia, e actuará fóra do seu ámbito nos casos de sinistro, calamidade ou grave perigo cando fose requirido para iso, e sempre que o demanden os órganos competentes e o autorice o presidente do Consorcio.

Órganos de goberno e xestión

Para a súa constitución foi requirido o acordo previo correspondente e a aprobación definitiva dos seus estatutos por parte dos plenos da Deputación Provincial e dos concellos que o integran, así coma o acordo do Consello da Xunta.

Os seus órganos de goberno e xestión son o pleno, que estará integrado por un representante da Deputación de Pontevedra, un representante da Xunta e un representante de cada un dos concellos consorciados; o presidente e o



vicepresidente, que serán elixidos polo pleno, por maioría absoluta. Os representantes no pleno da Xunta e da Deputación disporán, cada un deles, do mesmo número de votos que a totalidade dos representantes das restantes entidades locais que forman parte del mesmo, ao que asistirán tamén –con voz, pero sen voto- os funcionarios que desempeñen as funcións de secretario e interventor do consorcio e o xerente.

As achegas dos entes consorciados para o sufragamento dos gastos de construción e equipamento do parque serán do 40% respectivamente por parte da Xunta e a Deputación Provincial, mentres que o 20% restante estará a cargo dos concellos consorciados. Doutra banda, os gastos anuais de funcionamento serán sufragados a partes iguais pola Xunta e a Deputación, aínda que estas porcentaxes variarán no momento en que, por acordo destas entidades de forma conxunta, se acorde que na totalidade dos consorcios contra incendios e de salvamento existentes na provincia de Pontevedra os concellos contribúan aos gastos de funcionamento deles.



INMACULADA VIÑA CARREGAL É NOMEADA SECRETARIA XERAL E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Inmaculada Viña Carregal como secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, cargo no que vén a substituír a Juan Hernández López.

Inmaculada Viña Carregal é funcionaria de carreira do Corpo de Interventores e Tesoureiros da Administración Local (categoría superior) e exerceu o seu traballo como interventora xeral en diversos concellos de Galicia e Cataluña. Cunha ampla experiencia na xestión e control das finanzas públicas así como na organización patrimonial dos entes públicos, a nova secretaria xeral é a primeira muller que accede a este posto na Consellería de Economía e Facenda. Viña Carregal está en posesión do Diploma de Directivos da Xunta de Galicia e ten unha ampla traxectoria académica e profesional en materia de economía e finanzas das administracións públicas. Actualmente, estaba traballando na propia Consellería de Economía e Facenda como asesora técnica do gabinete do conselleiro.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 6.4 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO ACCESO AO PORTO DE BURELA

- *O Consello da Xunta aprobou a urxente ocupación dos terreos afectados polas obras*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 6,4 millóns de euros na construción do acceso ao porto de Burela, dos cales 390.000 euros estarán dirixidos aos pagamentos das expropiacións. O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras.

As obras de dito acceso, que terá unha lonxitude de 1.290 metros, comezarán no segundo semestre deste ano e estímase que estean rematadas no primeiro semestre de 2008.

A CPTOPT estima que máis de 8.600 persoas se beneficiarán deste novo proxecto, xa que as obras supoñen unha incidencia favorable na seguridade viaria, ao proxectar unha variante de acceso ao porto de Burela dende a estrada N-562, alixeirando o tráfico da mesma.



OS CENTROS PÚBLICOS *O Mosteirón*, DE SADA; E O DE PANXÓN, DE NIGRÁN, TRANSFÓRMANSE EN CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se transforman os centros públicos *O Mosteirón*, do Concello de Sada (A Coruña); e Panxón, do municipio de Nigrán, en centros públicos integrados. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

En virtude del, transfórmase o centro público *O Mosteirón*, de Sada, en Centro Público Integrado (CPI) con capacidade para 10 unidades de educación primaria e 8 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Do mesmo xeito, transfórmase o centro público de Panxón, de Nigrán, en CPI con capacidade para 6 unidades de primaria e 5 unidades de ESO.

O artigo 2 do Decreto 106/2006, do 30 de xuño (DOG do 1 de xullo), dispón que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria exercerá as funcións que en materia educativa se deriven das funcións e servizos traspasados pola Administración central do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia mediante o Real decreto 553/2006, do 5 de maio, e que para este fin adscíbenselle os medios e servizos transferidos.

Polo tanto, os centros públicos *O Mosteirón*, do Concello de Sada, e o de Panxón, do Concello de Nigrán, anteriormente dependentes do Instituto Social da Mariña e que figuran transferidos no citado Real decreto 553/2006, deben integrarse na rede de centros educativos da Comunidade galega coa nova titularidade que se deriva da asunción e adscrición realizada polo Decreto 106/2006.

A transformación dos centros docentes que se indican neste decreto non representa incremento de gasto no marco dos orzamentos consignados para a Administración educativa autonómica nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.



O INEF DE A CORUÑA PASA A DENOMINARSE FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de denominación do Instituto Nacional de Educación Física-Galicia (INEF) da Universidade da Coruña, que pasará a denominarse Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Este cambio de denominación inscríbese no marco de adaptación a unha denominación máis axeitada dun centro universitario, xa existente, consonte ás funcións que nel se desenvolven, e non supón ningún compromiso económico para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Lei orgánica 2/2001, do 21 de decembro, de universidades establece que a creación, modificación e supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas, así como a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, serán acordadas pola Comunidade Autónoma, ben por proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa co acordo do referido Consello, en todo caso, logo de informe do Consello de Goberno da universidade.

Pola súa banda, a Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades establece que lle corresponde a este órgano emitir informe sobre as propostas de creación, modificación ou supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas.

O Consello Social da Universidade da Coruña presentou na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expediente para o cambio de denominación do Instituto Nacional de Educación Física-Galicia, da Universidade de A Coruña, que pasará a denominarse Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Este cambio de denominación foi aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social desta universidade, tras o informe favorable do Consello Galego de Universidades.



SANIDADE APROBA O MAPA FARMACÉUTICO DE GALICIA QUE AUTORIZA 92 NOVAS OFICINAS DE FARMACIA

- *As novas farmacias quedan distribuídas de xeito que 50 corresponden á provincia da Coruña, 14 á de Lugo, 10 á de Ourense, e 18 á de Pontevedra*
- *O seguinte paso é a convocatoria da fase de adxudicación das novas farmacias, que se fará unha vez modificada a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia*
- *Elabórase tendo en conta criterios de equidade e proximidade á poboación*

O Consello da Xunta aprobou a modificación do Decreto 278/2002, do mapa farmacéutico, que delimita territorialmente a autorización de 92 novas oficinas de farmacia. Este decreto ten por obxecto publicar o mapa farmacéutico de Galicia, planificar a autorización de novas oficinas de farmacia, e fixar a delimitación territorial concreta das localidades nas que se poderán establecer esas novas oficinas. Galicia conta con 1.270 oficinas de farmacia en funcionamento, ás que se engadirán as que recolle o novo mapa farmacéutico pechado esta mañá, chegándose a un total de 1.362.

En xuño de 2005, iniciábase este proceso de autorización de novas farmacias, e o Diario Oficial de Galicia publicaba en decembro unha resolución da Consellería de Sanidade na que se autorizaba provisionalmente a relación de zonas farmacéuticas ou entidades colectivas de poboación nas que se ía permitir a apertura de novas oficinas de farmacia. Esta autorización quedaba condicionada á aprobación da modificación do mapa farmacéutico que se pechou hoxe na reunión do Goberno galego. As farmacias autorizadas distribúense de xeito que 50 corresponden á provincia da Coruña, 14 á de Lugo, 10 á de Ourense, e 18 á de Pontevedra.

Unha vez publicado este decreto, o departamento que dirixe María José Rubio Vidal convocará a fase de adxudicación destas novas oficinas de farmacia, que se fará unha vez modificada a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia. Este procedemento de autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia tramitarase por concurso público, conforme os principios de publicidade e transparencia, e mediante criterios obxectivos de selección que garantirán a concorrencia competitiva.

Criterios de equidade e proximidade á poboación

O mapa farmacéutico de Galicia -integrado polas zonas farmacéuticas urbanas, semiurbanas e rurais que clasifican o territorio da Comunidade Autónoma, e que se corresponden cos distintos concellos- elabórase tendo en conta o número de habitantes que constan no padrón municipal vixente no momento no que se inicia o expediente -que corresponde ao 2004-; o número de oficinas de farmacia; e o número de centros sanitarios de atención primaria, dos centros hospitalarios públicos, e dos centros de asistencia social existentes na área.



Como resultado da aplicación dos módulos de poboación para apertura de novas oficinas, a modificación do Consello da Xunta de Galicia fai pública a relación de zonas farmacéuticas por área de saúde de atención primaria nas que se autorizará a apertura das 92 novas oficinas de farmacia citadas, así como o número destas en cada zona.

Provincias	Áreas Farmacéuticas	Novas Oficinas Farmacia
A Coruña	A Coruña	27
	Ferrol	9
	Santiago	14
		50
Lugo	Lugo Norte	5
	Lugo Centro	8
	Lugo Sur	1
		14
Ourense	Ourense	9
	O Barco	1
		10
Pontevedra	O Salnés	2
	Pontevedra	6
	Vigo	10
		18
TOTAL		92



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR CONTINÚA REFORZANDO AS SÚAS ACTUACIÓNS DE CARA Á APLICACIÓN DA FUTURA LEI DA DEPENDENCIA

- *Incrementará -ata os 262.425 euros- o investimento para o funcionamento e mantemento da Fundación Galega para a Tutela de Adultos*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Galega para a Tutela de Adultos (FUNGA) para financiar o seu funcionamento e mantemento. Mediante esta addenda, increméntase o investimento da Vicepresidencia ata chegar á cifra final de 262.425 euros. O obxectivo é reforzar a FUNGA con vistas á futura Lei de promoción da autonomía Persoal e atención ás persoas dependentes -Lei da dependencia-, xa que este organismo desenvolve un traballo crucial na atención ás persoas adultas con dependencia.

A Fundación Galega para a Tutela de Adultos ten por misión exercer a tutela das persoas maiores de idade, incapacitadas legalmente, que carezan de familia, persoa ou institucións idóneas, sempre que unha autoridade xudicial así o determine. Outra finalidade da Funga é fomentar e desenvolver todas as accións que se dirixan á integración e normalización dos adultos que tutele.

Con esta actuación, a Vicepresidencia da Xunta continúa reforzando as súas políticas de cara á futura Lei da dependencia. Nesta mesma liña de reforzamento de actuacións enmárcase tamén, por exemplo, o Plan Integral de Mellora dos Centros Residencias (P.I.M), presentado o pasado luns polo vicepresidente Anxo Quintana. A través deste plan, o departamento autonómico creará 1.140 novas prazas para persoas dependentes, 736 de nova creación e 404 como consecuencia da adaptación de prazas de persoas con autonomía. Deste xeito, Vicepresidencia está desenvolvendo unha serie de actuacións planificadas e globais para mellorar os seus centros de atención residencial, adaptando así os equipamentos existentes aos requisitos e parámetros establecidos pola Lei da dependencia.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO DE 12'6 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO DE LUGO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá 12.580.591,95 euros na construción dun Centro Cultural - Auditorio no edificio do Cuartel de San Fernando, en Lugo.

O gasto foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta. Dado que o proxecto técnico redactado conta xa con aprobación, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes procederá agora a iniciar as actuacións administrativas precisas para contratar a execución das obras do futuro Auditorio de Lugo.

O investimento autorizado hoxe repartirase en catro anualidades. Concretamente, 1.956.000 euros no presente exercicio, 3.538.600 euros en 2007, 4.521.690 euros en 2009 e os 2.564.301,95 euros restantes en 2009.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 393.000 EUROS NA URBANIZACIÓN DA ESTRADA AC – 552 AO SEU PASO POR VIMIANZO

- *As obras permitirán incrementar a seguridade viaria para os peóns*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 393.600 euros nas obras de urbanización da estrada AC-552 ao seu paso polo núcleo urbano de Vimianzo, travesía coñecida como a recta de Ogas.

Así se recolle no convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que proximamente asinarán a conselleira, María José Caride, e mailo alcalde de Vimianzo, Alejandro Rodríguez Lema.

A travesía na que a CPTOPT acometerá as obras de urbanización, caracterízase por unha elevada densidade de tráfico, concretamente uns 6.000 vehículos diarios, dos que aproximadamente o 10% son vehículos pesados que discorren por unha zona urbanizable, sen beirarrúas e coas vivendas preto da vía, circunstancias todas estas que derivan nunha escasa seguridade viaria e o conseguinte risco para os peóns.

Para paliar estas carencias no desenvolvemento do concello e no benestar dos seus habitantes, executaranse unha serie de actuacións como son a construción de beirarrúas, doiros, mobiliario urbano e zonas axardinadas, ademais das obras de drenaxe, luz pública, e sinalización horizontal e vertical.

A Consellería de Política Territorial encargárase da execución das obras, así como da súa contratación, dirección e recepción, unha vez rematadas, destinando a elas 118.000 euros no presente ano e os 275.600 restantes en 2007.

O Concello de Vimianzo, pola súa parte, comprometerase a achegar o proxecto técnico das obras, e a realizar as xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para obter os permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias. Así mesmo, asumirá a explotación, mantemento e conservación das obras realizadas.



A XUNTA ACHEGA 500 MIL EUROS AO DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO SOBRE O APROVEITAMENTO DA ENERXÍA PRODUCIDA POLAS ONDAS DO MAR

- *Na iniciativa participan o Centro Tecnolóxico do Mar e a empresa Pipo Systems, e o seu obxectivo é desenvolver unha infraestrutura de experimentación desa enerxía que permita probar a eficacia dos avances conseguidos neste campo*
- *O custo total do proxecto supera o millón de euros, e sentará as bases para a posta en funcionamento dunha unidade específica de I+D+i sobre enerxía das ondas do mar nas dependencias do CETMAR*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un convenio de colaboración entre as tres institucións –Consellería de Innovación, CETMAR e Pipo Systems-, para levar adiante as accións necesarias para o desenvolvemento do proxecto*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e a empresa Pipo Systems para a realización de accións destinadas ao desenvolvemento de tecnoloxías relacionadas co aproveitamento da enerxía das ondas do mar. A iniciativa enmárcase nun proxecto científico-tecnolóxico singular e de carácter estratéxico –PSE Mar-, no que xa están a participar activamente CETMAR e Pipo Systems, e no que interveñen tamén axentes de diferentes partes de España, relacionado co desenvolvemento tecnolóxico de sistemas e equipos de captación e transformación de enerxía das ondas do mar a partir de patentes e tecnoloxía españolas. O obxectivo é desenvolver unha infraestrutura de experimentación desa enerxía que permita probar a eficacia dos avances conseguidos neste campo. Concretamente, e dentro do proxecto PSE Mar, a colaboración entre CETMAR e Pipo Systems desenvólvese nun subproxecto que estuda o desenvolvemento tecnolóxico dun sistema de múltiple captación e transformación complementada de enerxía a partir das ondas do mar.

Análise dos puntos da costa galega nos que instalar o prototipo

O custo total deste subproxecto supera o millón de euros –1.015.434 euros-, dos que a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, aportará 500 mil.

No marco do convenio, o CETMAR asumirá a coordinación xeral e a planificación das actividades que van desenvolver os axentes participantes, así como a identificación dos principais elementos do marco legal e o deseño da ruta xurídico-administrativa para a obtención de licencias para as probas experimentais. Así mesmo, o centro fará unha primeira aproximación aos estudos e prospeccións. Neste punto, levará adiante unha investigación oceanográfica e topográfica acerca das condicións marítimas da zona, así como unha análise dos posibles puntos da costa galega nos que se podería



instalar o prototipo de cara ao estudo de predición de ondas, análise batimétrica, afeccións e usos e zonas protexidas. Tamén levarán adiante unha análise do impacto ambiental, así como un estudo da repercusión no ámbito tecnolóxico e socio-económico da realidade galega.

O investimento das accións a realizar polo CETMAR supera os 70 mil euros –71.184 euros-, para o que a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, concede unha subvención do 63%, o que supón un máximo de 45 mil euros.

A empresa Pipo Systems é unha compañía que orienta a súa actividade á prospección industrial do potencial enerxético das ondas do mar. No marco do convenio, Pipo Systems encargárase da fase de verificación do sistema, que ten como resultado previsto o desenvolvemento de todos os traballos necesarios para a construción dun prototipo de verificación. Isto comprenderá dende as tarefas de deseño e cálculo das estruturas e materiais, ate o aprovisionamento de materiais, a construción física do artefacto a escala 1:16 e, finalmente, a súa proba en canle de experimentación. Os resultados das probas permitirán a revisión dos modelos de cálculo desenhados e a incorporación de conclusións ás memorias técnicas do sistema para o escalado posterior.

O investimento correspondente a estas accións ascende a 944.250 euros, para o que a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i concede unha subvención do 48%, o que supón un máximo de 455 mil euros.

Unha unidade de I+D+I sobre enerxía das ondas do mar, no CETMAR

Segundo a información do Instituto Enerxético de Galicia, o aproveitamento da enerxía do mar atópase, hoxe en día, en proceso de investigación con diversos sistemas que, aínda que non alcanzaron a suficiente madurez tecnolóxica, xa comezaron a dar resultados moi prometedores. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a enerxía das ondas presenta un potencial moi superior ao resto das modalidades enerxéticas. De feito, o interese desta fonte de enerxía motivou a realización de diversos estudos ao respecto en Galicia, coa finalidade de analizar a posibilidade de implantar, de forma experimental, algún destes sistemas nalgunha zona das costas galegas. Neste contexto, o desenvolvemento do citado proxecto conxunto sentará as bases para a posta en funcionamento dunha unidade específica de I+D+i sobre enerxía das ondas do mar nas dependencias do CETMAR.

A posta en marcha do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o CETMAR e a empresa Pipo Systems constitúe unha clara aposta por unha xestión eficaz dos recursos enerxéticos, factor clave para conseguir o desenvolvemento económico e social dun país. Un dos obxectivos principais das



políticas públicas enerxéticas é o desenvolvemento sostible, é dicir, alcanzar un equilibrio entre a cobertura da demanda crecente de enerxía que caracteriza ás sociedades actuais e o respecto ao medio ambiente, aspecto fundamental para acadar os obxectivos do “Protocolo de Kioto”. A solución a este problema pasa polo desenvolvemento e a utilización das enerxías renovables, as cales tamén contribúen a un mellor aproveitamento dos recursos autóctonos –o que implica unha diminución da dependencia do exterior- e a unha maior protección do medio. Ao mesmo tempo, os altos investimentos que se precisan contribúen á consolidación dun novo sector económico e á xeración dunha elevada taxa de creación de emprego.



A CONSELLERÍA DE CULTURA OFERTA 31 BOLSAS DE FORMACIÓN PARA CENTROS BIBLIOTECARIOS

- *A Consellería destina uns 245.000 euros e as persoas seleccionadas comezarán a traballar a finais de 2006*
- *A convocatoria sairá en breve no DOG tras aprobarse hoxe o orzamento no Consello da Xunta*

Para mellorar a formación e as capacidades do persoal dos centros bibliotecarios de Galicia, a Consellería de Cultura ofertará 31 bolsas de formación en diversos centros de todo o país. A Consellería de Cultura dedicará a este programa uns 245.000 euros, tal e como se acordou hoxe na reunión do Consello da Xunta.

Persoas licenciadas en biblioteconomía, historia ou filoloxía serán as beneficiadas destas bolsas para poder especializarse no servizo bibliotecario. Concretamente, ocuparanse da organización e descrición de fondos e, en xeral, de actividades de biblioteconomía. A práctica en centros bibliotecarios permitirá tamén o contacto diario e directo cos usuarios de forma que os futuros profesionais coñezan as demandas reais dunha biblioteca ou dun centro de documentación. Os bolseiros e bolseiras contarán na súa experiencia co asesoramento e titoría de persoas con probado coñecemento e experiencia.

O período de duración será de 12 meses e está previsto que as persoas seleccionadas se incorporen aos seus postos nos dous últimos meses de 2006. O destino dos centros coñecerase ao mesmo tempo que a resolución de adxudicación das bolsas. Coa aprobación do orzamento no Consello da Xunta, ábrese a vía para que en breve saia a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



MEDIO AMBIENTE MELLORARÁ O ABASTECIMENTO DE AUGA NO MUNICIPIO OURENSÁN DA PEROXA

- *Financiará a totalidade desta obra, cun investimento de 504.000 euros*
- *O proxecto, que conta cun prazo de execución de 5 meses, é unha das actuacións previstas no Plan Hidrolóxico de Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá obras para mellorar as infraestruturas de abastecemento de auga potable do municipio ourensán da Peroxa.

A actuación, que foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta, conta cun orzamento de 504.000 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) mediante dúas anualidades que se farán efectivas este ano e o vindeiro.

O proxecto, que conta cun prazo de execución de cinco meses, consiste en, por unha banda, ampliar a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) das Paraxas dotándoa de 2 filtros en serie con capacidade máxima de 7 litros por segundo, e, por outro lado, crear unha nova captación e estación de tratamento de auga potable (ETAP) en San Nicolao para 10 litros por segundo.



A XUNTA INVESTIRÁ 2,5 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DA DEPURADORA DO RÍO ARÍNS, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *A nova estación de augas residuais terá capacidade para atender unha poboación de 16.000 habitantes*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), vai investir a cantidade de 2.491.622 euros na mellora da rede de saneamento de Santiago de Compostela mediante a construción dunha Estación de Augas Residuais (EDAR) na bacía do río Aríns. O convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a cidade compostelá foi aprobado no consello da Xunta celebrado hoxe. En virtude deste documento, a consellería que dirixe Manuel Vázquez financiará o 100% da actuación, que conta cun prazo de execución de 14 meses. Así mesmo, a adxudicataria dos traballos explotará durante outros 12 meses as instalacións, que se levantarán nunha parcela de 6.000 metros cadrados, sita preto do límite do concello de Santiago co de Vedra.

O obxecto do proxecto é intentar resolver as necesidades de saneamento da bacía do río Aríns para os vindeiros anos. Así, as infraestruturas programadas recollerán as augas da zona residencial Aríns-Monte do Gozo, con case 2.000 vivendas, Lamas de Abade con 600 e a extensión do solo na Porta de Ourense. Estas augas serán levadas por gravidade ata a nova depuradora, que estará preparada para atender unha poboación de 16.000 habitantes. Nas instalacións levaranse a cabo os procesos de pretratamento, desinfección, decantación e tratamento de lodos.

A actuación aprobada hoxe forma parte dun plan de saneamento para a bacía do Aríns recolle outros dous proxectos que son a construción de colectores secundarios e xerais na bacía, para os que tamén se conta coa colaboración do Concello de Santiago.



MEDIO AMBIENTE DOTARÁ DUNHA REDE DE ABASTECIMENTO A TRES PARROQUIAS DO CONCELLO CORUÑÉS DE DUMBRÍA

- *As obras previstas supoñen un investimento de 1.249.895 euros, contía que será financiada nun 100% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos*
- *O proxecto, que conta cun prazo de execución de 15 meses, é unha das actuacións previstas no Plan Hidrolóxico de Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá, en colaboración co Concello de Dumbría (A Coruña), a definición da rede de abastecemento de auga nas parroquias de Olveira, Olveiroa e Buxantes

A actuación, que foi aprobada hoxe no consello da Xunta, conta cun orzamento de 1.249.895,84 euros e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH) mediante dúas achegas que se realizarán este mesmo ano e o vindeiro.

O proxecto, contempla a creación dunha nova toma aproveitando o encoro de Ponte Olveira, no río Xallas. Executarase, ademais, a construción no monte O Sino dunha nova Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), e un depósito de regulación con 600 m³. Estas iniciativas de mellora posibilitarán á conexión á rede municipal á totalidade da poboación.



O GOBERNO GALEGO ANALIZA AS CONCLUSIÓNS DO VIII CONSELLO DAS COMUNIDADES GALEGAS ONDE SE AVOGOU POR INCLUIR NO NOVO ESTATUTO O FENÓMENO DA EMIGRACIÓN COMO PARTE DA REALIDADE SOCIAL DE GALICIA

O Goberno galego analizou este xoves as conclusións do VII Consello das Comunidades Galegas, celebrado en Santiago o pasado mes de agosto. Esta xuntanza, estruturada en dúas comisións, unha baixo o título *Os galegos residentes no exterior no novo Estatuto de autonomía* e a outra correspondente a *A reforma da Lei de galeguidade*.

No que se refire ao novo Estatuto de autonomía, o documento analiza o papel que os galegos residentes no exterior deben xogar na reforma estatutaria. Así, a comisión acordou que o preámbulo do Estatuto deberá recoller o fenómeno da emigración como parte da realidade social galega dun xeito explícito, facendo referencia aos galegos e galegas residentes no exterior no artigo referente á regulación da cidadanía galega.

Paralelamente, conclúese que no artigo sobre as institucións de autogoberno e no que se regulen as bases estatutarias da lei electoral deberá abordarse a posibilidade de voto para os galegos e galegas no exterior nas eleccións ao Parlamento de Galicia. Neste sentido, o documento ten en conta que esta solicitude excede o ámbito competencial de Galicia e demanda solicitar á Comisión de Emigración e á Comisión para a reforma do Estatuto de autonomía que analicen esta proposta posto que conta co consenso do conxunto de galegos que residen fóra de Galicia.

Dereito a solicitar o recoñecemento da galeguidade

Por outra banda, no informe tamén se destaca que o futuro Estatuto de autonomía debe engadir no título preliminar un artigo referido ás comunidades galegas no exterior definindo o ámbito da galeguidade e que teña en conta tamén o dereito das comunidades galegas a solicitar o recoñecemento da galeguidade.

Segundo se desprende das conclusións cómpre crear un Consello da Galeguidade, superando así o existente Consello das Comunidades Galegas, co fin de acadar un órgano operativo e representativo da emigración segundo as áreas xeográficas nas que se asentan as comunidades galegas.

Por último, o informe sinala que o Estatuto debe incluír un título dentro do ámbito competencial sobre a regulación de protección do patrimonio galego no exterior.



Lei da galeguidade

Noutro dos relatorios, o referido a *A reforma da Lei de galeguidade*, o Consello de Comunidades adoptou a necesidade de que a futura Lei de galeguidade inclúa na súa reforma dous aspectos: a galeguidade debe recoñecerse aquelas comunidades galegas incorporadas ao movemento asociativo dos galegos, en calquera parte do mundo e na reforma deberá facerse unha mención significativa como achega básica ao desenvolvemento da galeguidade. Neste sentido, débese exixir ás asociacións galegas no exterior un comportamento e unha finalidade básica en defensa e en prol da lingua, historia, e cultura galega.

Estas conclusións que hoxe coñeceu o Consello da Xunta serán remitidas ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación conforme a lei, acordándose, así mesmo que se inclúan como texto obxecto de cualificación no ensino a historia de Galicia ligada á emigración galega e que os centros galegos que cumpran máis de 100 anos sexan considerados Patrimonio da Galeguidade e consonte tal recoñecemento se estableza a protección necesaria do seu patrimonio bibliográfico, inmobiliario e demais, tal como legalmente sexa posible, facéndose xa unha especial mención ao Centro Galego de Montevideo, por ter máis de 120 anos.



O PROGRAMA DE REEQUILIBRIO TERRITORIAL DA XUNTA RECOLLE UN INVESTIMENTO DE 204 MILLÓNS DE EUROS

- *Dirixido ás áreas con menor crecemento, o programa está concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral de Galicia*
- *O ámbito de actuación do programa abrangue 254 municipios que supoñen o 88,3% da superficie total de Galicia e o 38,5% da poboación de Galicia*
- *O programa elaborado pola Consellería de Economía e Facenda inclúe máis de 500 accións*

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe sobre as accións recollidas no Programa de Reequilibrio Territorial de Galicia, que inclúe actuacións en 254 municipios cun investimento total de 204,78 millóns de euros. O plan dá cumprimento a un dos acordos programáticos para a acción do Goberno galego, que xa aparecía recollido nos orzamentos da comunidade para o presente ano cunha previsión de actuacións sectoriais de distintas consellerías por un importe mínimo de 150 millóns de euros no exercicio 2006. Este programa inclúe xa actuacións no presente exercicio, iniciando, deste xeito, o desenvolvemento da política de reequilibrio territorial que acadará carácter plurianual no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013. Concibido como axente activo de desenvolvemento económico integral de Galicia, está dirixido ás áreas con menor crecemento e persegue o reforzamento da cohesión social.

O plan recolle actuacións sobre unha superficie de 26.127 quilómetros cadrados (o 88,3% do total de Galicia) e unha poboación de 1,05 millóns de habitantes (o 38,5%). Entre os seus obxectivos figura promover o desenvolvemento económico e a cohesión social nas áreas do país que presentan menor crecemento; así como introducir criterios estratéxicos de priorización e coordinación dos investimentos públicos en materia de infraestruturas, equipamentos e servizos básicos. Ademais, o plan elaborado por Economía persegue programar cunha visión rexional e agregada as actuacións en accesibilidade e transporte, ambiente, recuperación urbana e do patrimonio cultural; e acadar a necesaria cohesión e complementariedade entre territorios nas medidas de actuación no medio rural con programas para a fixación de poboación no territorio, unha nova política forestal e agraria, e nos territorios costeiros, cunha especial atención ao sector da pesca.

As áreas de reequilibrio obxecto do programa poden agruparse en catro grandes ámbitos de actuación que son:

Área 1. Lugo-A Coruña Norte. O territorio norte cantábrico e subcantábrico das provincias de Lugo e do interior da Coruña.



Área 2. **A Coruña Occidental.** A Costa da Morte e as súas extensións na provincia.

Área 3. **Lugo-A Coruña Sur-Pontevedra interior Norte.** O Sur interior de Lugo e A Coruña co Norte interior de Pontevedra

Área 4. **Ourense-Pontevedra interior Sur.** Ourense e a súa prolongación no interior sur da provincia.

A definición destas áreas responde a unha delimitación sinxela, territorialmente significativa na expresión rexional, e equilibrada aos parámetros de poboación, densidade e renda. Para a súa delimitación, aplicáronse aos 315 municipios galegos indicadores que recolleran diferentes variables demográficas e económicas, así como un específico relativo á capacidade para xerar rendas por unidade de superficie. Entre as características das áreas de reequilibrio figuran unha renda dispoñible bruta por habitante de 8.179 euros, fronte a unha media de 9.116 euros por habitante para o conxunto de Galicia; e unha densidade poboacional de 40,3 habitantes por quilómetro cadrado fronte ao 92,5 da media galega.

Integración territorial das actuacións

A formalización do programa de actuacións de reequilibrio territorial permite asegurar que unha parte significativa do investimento público da Xunta de Galicia vai dirixida aos territorios menos favorecidos en accións sectoriais relevantes para propiciar o seu desenvolvemento. Entre os sectores con incidencia na dinamización territorial figuran:

- Infraestruturas de accesibilidade e transporte.
- Infraestruturas primarias relacionadas co ciclo da auga.
- Equipamento dos servizos primarios á poboación.
- Infraestruturas rurais e valorización de recursos forestais e pesqueiros.
- Dinamización económica, formación e solo empresarial.
- Recuperación urbana e do patrimonio.

Dentro deses sectores, para o efecto da identificación das accións integradas no programa, produciuse unha selección das áreas temáticas consideradas preferentes pola súa contribución á creación das condicións básicas para mellorar a situación dos territorios deprimidos. Estas áreas de intervención seleccionadas son:

Accesibilidade e transportes. Comprende as accións en mellora das estradas, dos portos e das infraestruturas de transportes.

Medio ambiente. Céntrase especificamente nas accións relacionadas co ciclo da auga. Comprende infraestruturas primarias de abastecemento de auga a poboacións, saneamento e depuración de augas residuais.



Equipamento dos servizos primarios. Considera en particular as accións relacionadas coa mellora dos equipamentos sanitarios e educativos.

Medio rural e pesca. Selecciona especificamente as accións relacionadas coa potenciación dos recursos forestais (tratamentos silvícolas, repoboacións, infraestruturas forestais, etc.), coa mellora das infraestruturas rurais (en aplicación do Programa Estratéxico de Infraestruturas no medio rural 2006-2009) e coa concentración parcelaria, e incorporando as accións de recuperación e valorización dos recursos marisqueiros e as de mellora de infraestruturas pesqueiras portuarias e complementarias en terra.

Dinamización económica. Comprende as accións de dinamización turística e de valorización dos camiños xacobeos e os plans de gasificación. Considera as accións dirixidas á formación e orientación profesional e valorización do medio rural, á promoción de ocupacións relacionadas cos espazos naturais de especial interese e á cooperación local para o reequilibrio territorial. Incorpora as actuacións en materia de promoción pública de solo para actividades empresariais implantadas nas áreas territoriais obxecto de reequilibrio.

Recuperación urbana e do patrimonio. Concentra especificamente nas accións en materia de rehabilitación dos conxuntos históricos e nas actuacións de conservación e restauración do patrimonio pola súa incidencia directa na valorización do patrimonio cultural como factor de desenvolvemento.

Investimento por sectores

• Accesibilidade e transportes	80.250
• Medio Ambiente	26.582
• Equipamento servizos primarios	14.750
• Medio rural e pesca	40.979
• Dinamización económica	37.603
• Recuperación urbana e patrimonio	4.615
TOTAL (miles de euros)	204.779

Participación das consellerías

De cada un destes ámbitos temáticos, incorpóranse accións desenvolvidas polas distintas consellerías implicadas, isto é, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Consellería de Sanidade, Consellería de Educación, Consellería do Medio Rural, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Consellería de Innovación e Industria,



Consellería de Traballo, Consellería de Vivenda e Solo, Consellería de Cultura e Deporte.

No ámbito da **accesibilidade e o transporte**, as actuacións previstas por un importe total de 80 millóns de euros, presentan a distribución seguinte: en materia de infraestrutura de estradas prevense actuacións por importe superior aos 64 millóns de euros. Polo seu rango non se consideran os investimentos en autoestradas e autovías de conexión coa rede europea que -cun importe superior aos 146 millóns de euros- incidirán tamén de modo decisivo na mellora da accesibilidade rexional dos ámbitos polos que discorren. En materia de infraestrutura portuaria prevense 34 intervencións cun investimento de 15,4 millóns de euros. As accións en materia doutras infraestruturas intermodais do transporte ascenden a 710 mil euros.

As accións en materia de **infraestrutura hidráulica principal** dirixida ao abastecemento de augas, saneamento e depuración teñen un investimento previsto de máis de 26,6 millóns de euros.

Na materia de mellora do **equipamento de servizos primarios á poboación**: prevense intervencións e reformas en 21 centros de saúde e dous hospitais cun investimento previsto de 4,7 millóns de euros; as intervencións e reformas previstas en 16 centros de ensino infantil e primario e en 8 institutos de ensino secundario acadan un investimento de 10 millóns de euros.

As actuacións sectoriais propias da **infraestruturación e valorización de recursos no medio rural e da pesca** aproxímanse aos 41 millóns de euros, comprendendo: un investimento superior aos 5 millóns de euros para as accións seleccionadas da política forestal distribuídas en 110 municipios; accións de mellora das infraestruturas rurais distribuídas en 202 municipios cun investimento previsto de máis de 15 millóns de euros; investimentos en infraestruturas de concentración parcelaria que superan os 12 millóns de euros en actuacións en 24 municipios; as accións de valorización dos recursos mariños comprenden 22 proxectos cun investimento de 1,4 millóns de euros; 19 intervencións na infraestrutura portuaria pesqueira cun importe de 6,8 millóns de euros.

As accións xerais de **dinamización económica** seleccionadas integran un investimento de 37,6 millóns de euros coa seguinte distribución: Seis plans de dinamización turística e 25 intervencións nos camiños xacobeos que acadan un investimento de 9,6 millóns de euros; nove plans de gasificación noutros tantos municipios que prevén un investimento de 540 mil euros. As accións en materia de formación e emprego distribúense en: 1,8 millóns de euros para o Programa de mellora de xestión e integración aos parados no ámbito rural (en convenio coa FEGAMP); 1,9 millóns de euros para formación de parados e ocupados e orientación profesional; 2,0 millóns de



euros en programas de cooperación con entidades locais dirixidas ao reequilibrio territorial; 1,0 millón de euros en programas de formación e emprego para a renovación e valorización do medio rural; 1,0 millón de euros en programas en territorios naturais protexidos para a promoción de viveiros de emprego vinculados ao contorno natural. As intervencións en materia de promoción de solo empresarial ascenden a 19,8 millóns de euros; pola dimensión territorial do seu ámbito de servizo, non se consideran as actuacións de rango suprarrexional (Parque de Val da Rabeda-Taboadela e Plataforma Loxística de Salvaterra de Miño) que, cun investimento de 18,4 millóns de euros, incidirán tamén na área na que se implantan.

O ámbito da **recuperación urbana e do patrimonio** comprende un investimento de 4,6 millóns de euros coa seguinte distribución: intervencións en rehabilitación de conxuntos históricos cun investimento de 2,3 millóns de euros que alcanzan a 17 áreas de rehabilitación con axudas á rehabilitación, ao financiamento de intervencións en espazos urbanos e ás oficinas de rehabilitación; a acción en materia de conservación e restauración do Patrimonio Cultural que inclúe 21 actuacións cun investimento total de 2,4 millóns de euros.

No seu conxunto, un total de máis de 500 accións, cun investimento de case 205 millóns de euros, compoñen o conxunto das accións do Programa de actuacións de reequilibrio territorial para o ano 2006.

Sen esgotar as actuacións da comunidade autónoma nos ámbitos seleccionados, as que conforman o Programa de actuacións de reequilibrio territorial identifican a matriz das accións de carácter estrutural que se desenvolven no exercicio 2006 nos ámbitos territoriais nos que se manifestan os diferenciais de desenvolvemento.

O programa conta ademais cun organismo de coordinación, seguimento e control de xestión para asegurar a execución das actuacións programadas, a captación e promoción de novas actividades económicas e a actualización periódica do programa.



EDUCACIÓN DESTINA UN MILLÓN DE EUROS A AXUDAS A ANPAS QUE XESTIONAN COMEDORES ESCOLARES

- *Esta actuación enmárcase na política de accións que perseguen a conciliación familiar e laboral da sociedade galega*
- *Irán destinadas a sufragar o custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia ao comedor*
- *A Xunta pretende, con esta liña de axudas, recoñecer o esforzo destas entidades e contribuír no financiamento dun servizo complementario*

O Consello da Xunta foi informado hoxe da orde pola que se establecen as bases e convocan axudas económicas ás asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnos/as (ANPAS) legalmente constituídas, e que xestionan comedores escolares en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Administración educativa galega inviste nesta acción un millón de euros, podendo subvencionarse cada solicitude ata un máximo do 50% do orzamento.

Ademais, a percepción destas axudas é compatible coa doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente, público ou privado, ben que o importe da subvención concedida en ningún caso poderá superar o custo da actividade a desenvolver pola entidade.

Estas axudas irán destinadas a sufragar o custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia ao comedor, así como, se é o caso, o desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais como complemento ao servizo de comedor durante o ano 2006.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, acompañadas do orzamento do custo do servizo de comedor; a memoria da actividade; o acordo da ANPA de solicitar a axuda; e unha copia do CIF da asociación, federación ou confederación correspondente.

O funcionamento da rede de comedores escolares en centros públicos financiados pola Administración educativa autonómica regúlase por Decreto 16/1984, do 9 de febreiro, no que se manifesta o seu carácter de servizo complementario na rede de centros comarcais.

Neste tempo transcorrido foron moitas as ANPAS que decidiron sufragar o custo de comedores escolares en aras dunha maior conciliación da vida familiar e laboral.



Tendo en conta esta realidade, a Xunta de Galicia quere con esta liña de axudas recoñecer o esforzo destas entidades e contribuír no financiamento dun servizo complementario, ao que está a prestar especial atención, con outras accións específicas que perseguen a extensión desta prestación e a súa mellora. Esta actuación enmárcase no conxunto de accións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a poñer en marcha de cara a conciliar a vida laboral e familiar da sociedade galega.



PESCA INFORMA DE QUE PRETO DO 95% DAS ZONAS DE MARISQUEO SON DE BOA CALIDADE

- *Carmen Gallego deu conta esta mañá no Consello da Xunta da nova Orde pola que as denominadas "zonas C" se ven reducidas nun 50% respecto á anterior normativa*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou esta mañá no Consello da Xunta da nova Orde pola que se clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas rías galegas, que saíu publicada onte no Diario Oficial de Galicia. Carmen Gallego explicoulles aos máximos representantes do Goberno autonómico que esta orde dá cumprimento ás normativas comunitarias nº853/2004 e nº854/2004, en vigor dende xaneiro do ano 2006, e que determinan a clasificación das zonas de produción en tres clases: A, B e C, en función da calidade das súas augas .

Segundo a lei europea, os produtos extraídos na zona A poden venderse directamente para consumo en fresco, mentres que os procedentes da zona B deberán pasar por un proceso de depuración antes de chegar ao consumidor. No caso dos moluscos bivalvos recolectados en zonas C, estes só poderán ser consumidos tras a súa reinstalación en zonas B durante periodos prolongados.

A nova clasificación presenta unha alta porcentaxe de zonas de produción B e isto é posible grazas ao intenso traballo de mostraxe levado a cabo polos técnicos da Consellería de Pesca. Ata agosto de 2005 os puntos de referencia para coñecer a calidade das augas eran escasos e representaban unha grande extensión de superficie, o que se traducía nun grande número de zonas C. Co novo regulamento comunitario, esta clasificación impediría aos mariscadores vender o seu produto directamente ao consumidor obrigándolles a reinstalalo durante un tempo longo noutras augas. Neste senso, a conselleira apuntou que co novo mapa de catalogación, agora as zonas C vense reducidas nun 50% respecto á normativa anterior.

Por outra banda, a orde publicada onte no DOG contempla a posibilidade de realizar cambios de clasificación de zonas temporais ou periódicos, no caso de que os resultados das mostraxes así o permitan.

Nota: Os que desexen coñecer con exactitude a nova clasificación de zonas de produción nas rías galegas, poden solicitalo no gabinete de comunicación de Pesca



PESCA INVESTE ESTE ANO MÁIS DE 27 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS ÁS CONFRARÍAS E ÁS SÚAS FEDERACIÓNS

- *Carmen Gallego informou esta mañá ao Consello da Xunta das accións levadas a cabo pola Consellería para axudar ao sector a acceder aos recursos públicos por concorrencia competitiva*
- *A Conselleira deu conta da cantidade total investida nas accións propostas por Pesca para axudar ás confrarías e federacións no que atinxe a persoal laboral, formación e divulgación, funcionamento, proxectos integrais, plans de portos e pesca costeira artesanal*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Carmen Gallego Calvar, informou hoxe aos membros do Goberno galego sobre as axudas outorgadas polo seu departamento ás confrarías de pescadores e ás súas federacións no referente a persoal laboral, formación e divulgación, funcionamento dos colectivos, proxectos integrais, plans de porto e pesca costeira artesanal. As entidades colectivas accederon ás citadas axudas a través do sistema de concorrencia competitiva, e non por medio de convenios, como facía o anterior goberno. Para estas iniciativas a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos investiu un total de 27.102.778 euros.

Segundo o informe presentado hoxe aos membros do executivo autonómico, o departamento de Pesca da Xunta de Galicia determinou xa, dende a súa primeira comparecencia no Parlamento, cales ían ser os principios básicos da súa actuación en relación co sector na procura de impulsar un avance económico, social e participativo das traballadoras e traballadores do mundo da pesca, o marisqueo e a acuicultura, marcado pola non exclusión de ningunha entidade nin o favoritismo que se deu durante moitos anos. De tal xeito, os principios de transparencia, de participación e implicación motivaron que no actual orzamento e nas accións que leva a cabo Pesca, se optara claramente por promover a concorrencia competitiva para acceder aos recursos públicos que se destinan, sobre todo, a xerar novos proxectos, inversións, planificacións do sector e que redundarán en beneficio de toda a colectividade pesqueira galega.

A implantación deste novo sistema supón cambios nos criterios e na orientación dos fondos públicos e tamén nas organizacións do sector que teñen que mudar o seu esquema de funcionamento e a súa relación coa administración, mediante a presentación de proxectos e accións concretas sometidos a un réxime de avaliación.

Pesca considera que a concorrencia competitiva permite que todas as organizacións, seguindo baremos obxectivos, teñen dereito a acceder ás axudas. Deste xeito, as recentes críticas por parte dalgunhas confrarías e federacións parecen obedecer á súa



negativa cara este sistema igualitario e democrático para con todos os organismos recoñecidos pola Lei de Pesca como entidades de interese colectivo.

Axudas para persoal, formación e divulgación

Segundo amosa o informe, a Consellería de Pesca conta, na súa relación de postos de traballo, con 128 funcionarios que teñen o seu destino en confrarías de pescadores de Galicia, colaborando activamente cos órganos de goberno dos pósitos. Os gastos deste persoal son asumidos, na súa totalidade, polo departamento que dirixe Carmen Gallego cunha inversión total de 3.034.928 euros.

Dentro das accións formativas e divulgativas que leva a cabo Pesca inclúense unha serie de cursos que se imparten a petición dos pósitos dirixidos aos seus asociados na busca dunha mellora na súa formación. Para estas accións, a Consellería inviste máis de 899.000 para o ano 2006. Ademais, existen cursos de formación en materia de riscos laborais e formación sanitaria específica inicial demandados polas organizacións do sector e que imparte a Federación Galega de Confrarías e para o cal Pesca destinou 50.000 euros. A Consellería colabora tamén con 310.000 euros noutras accións de divulgación realizadas polas confrarías.

Gastos de funcionamento

Con respecto á orde publicada no DOG por Pesca para axudas as entidades de interese colectivo de ámbito provincial ou autonómico, por un importe de 417.000 euros, a Consellería informou que foron solicitadas polas tres federacións provinciais de confrarías e pola Federación Galega. Asimesmo, o departamento que dirixe Carmen Gallego destinou unha cantidade de 280.000 euros ao apoio dos sistemas de información contable das confrarías de pescadores e das súas Federacións.

Proxectos integrais, plans de portos e pesca costeira artesanal

Tal e como consta no informe presentado a Consello, dentro da política de axudas públicas que contribúen ao desenvolvemento económico de Galicia, puxéronse en marcha unha serie de actuacións destacables como son os proxectos de xestión integral, os plans de portos ou as axudas á pesca costeira artesanal. Estas iniciativas foron acollidas moi positivamente polo sector que presentou proxectos moi novidosos de explotación de recursos mariños e de coñecemento e respecto do medio ambiente e que darán resultados positivos nas vindeiras datas.

No que atinxe á xestión integral de proxectos colectivos pretendeuse que as organizacións do sector presentasen iniciativas conxuntas para favorecer a xestión con criterios empresariais do sector e a coordinación das accións cunha optimización dos recursos públicos. Para esta actuación, no ano 2006 destinouse unha cantidade total de 5.091.784,34 euros.



Por outra banda, o informe inclúe os plans de portos cos que se pretende dotar aos portos pesqueiros daquelas infraestruturas básicas para o desenvolvemento da actividade pesqueira con mellores condicións de seguridade, hixiene e modernidade. Neste caso a inversión de Pesca ascende a máis de 13.483.000 euros.

No caso das axudas á Pesca Costeira Artesanal, que pretende apoiar aquelas iniciativas das comunidades de pescadores dedicados á pesca artesanal co fin de dar máis valor engadido aos produtos da pesca, mellorar a comercialización e aceptar os proxectos que incidan na mellora das condicións e medios de traballo, pesca investiu unha contía de 3.537.066 euros.